

14 A CORUÑA

O encontro de autores mozos non conta con ningunha subvención por parte da Xunta

Os novos escritores responderán mañá a vellas preguntas sobre a literatura actual

M.G.M. > A CORUÑA

■ “Que ten a poesía que poucos a len máis todos a precisamos?” ou canta importancia teñen os premios literarios son algunhas das vellas preguntas ás que terán que facerlle fronte os novos escritores nun encontro, que terá lugar mañá, en Palexco.

Nun formato de mesa redonda, os autores Celso Fernández Sanmartín, Oliver Laxe e Álvaro Negro, coordinados por Antía Otero, falarán da presenza dos versos na sociedade, a partir das dez da mañá, para continuar, ás doce do mediodía, debatindo sobre a necesidade de que as distincións literarias subsistan no ecosistema. Neste debate, participarán Leticia Costas, Lucía Novas e Olalla Cociña, xunto ao moderador Francisco Castro.

Comentaba Cesáreo Sánchez, presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega, que o feito de que haxa nove premios no panorama literario implica que haberá nove propostas de autores mozos nas librarías, libros que se moven ás marxes dos mercados e ofrecen novas fórmulas de concebir historias.

A xornada seguirá, ás cinco da tarde, cunha reflexión aberta sobre a posición que ten a literatura galega ante o seu idioma. A charla que adopta a frase de Uxío Novoneyra “Recóllote i érgote no verbo

Recital poético para rematar o evento

■ O encontro de mañá rematará cun recital, ás sete da tarde, no que intervirán os autores Arsenio Iglesias Pazos, Dores Tembrás, Gonzalo Herme, Susana Sánchez Arins e David Rodríguez. Será unha boa oportunidade para contactar coa nova poesía e coñecer de primeira man a produción de autores, que quixeron transmitir desde o principio en galego. Deste xeito, a Asociación de Escritores en Lingua Galega fará unha achega á situación da literatura do país neste momento de crise.

inteiro”, contará coas posturas de María Lado, Olalla Tuñas e Xosé Daniel Costas, baixo a coordinación de Marta Dacosta, todos eles escritores que eleixiron dende novos o galego como lingua para expresar. A actividade rematará cun recital poético, ás sete da tarde. Os interesados en asistir terán que inscribirse no correo oficina@aelg.org ou no número de teléfono 981 13 32 33.

O organizador lembraba o esencial destes encontros en épocas de crise, nas que sempre “hai unha cortina de fume para tapar certas cousas”, agora que os go-



María Xosé Bravo e Cesáreo Sánchez, na presentación do acto

bernos comezan a financiar revistas dixitais feitas en formato pdf e a masa editorial faise máis grande. Engorda.

Por outra parte, a cita, na que colabora o Concello, a Deputación e o Centro Español de Derechos Repográficos, non conta con ningunha axuda por parte da Consellería de Cultura.

Silencio > Cesáreo Sánchez sinalaba a ruptura de relacións coa Dirección Xeral de Xuventude, despois de solicitar unha entrevista co responsable sen obter resposta. Lembraba que esta depen-

dencia chegou a asumir no seu momento a iniciativa de traer a 50 escritores novos aos institutos galegos tras unha primeira experiencia satisfactoria. Pero a asociación de escritores non recibiu ningunha explicación por parte da Xunta: “Non se nos convocou nin para escoitar o que pensamos”.

Sánchez remarcaba que dos máis de 60.000 euros que aportaba o Goberno autonómico, pasáronse a cero, neste ano. Aínda así, o presidente ten pensado volver a citalos para falar das actividades do vindeiro 2011.